GUÍA DIDÁCTICA

O proxecto "**Tom's backyard**" enmárcase nun patrón pedagóxico de corte construtivista. A base última do mesmo radica no descubrimento do mundo e a interacción con el dun personaxe, **TOM**, que representa a calquera rapaz ou rapaza das idades e niveis arriba mencionados.

Partindo da creación dun ser de ficción con tintes de realidade, TOM é un rapaz de procendencia anglosaxona, fillo de nai irlandesa e pai galego, que acaba de chegar de Dublín a Galicia, e tendo o inglés como lingua materna e de contorno vital. É, por tanto, trilingüe, e nel conflúen as dúas culturas dos seus proxenitores. Recén chegado de Irlanda, TOM é un neno curioso, cunha grande capacidade de observación e sensibilidade ante o mundo que o rodea. Este mundo é novo para el, e vaino descubrindo "en voz alta". Ao mesmo tempo, e como causa desa curiosidade polo coñecemento, crea, coa axuda dos pais, un espazo na internet onde volca o resultado dos seus achádegos, das súas inquedanzas, e en definitiva das súas impresións ante a nova vida que está a descubrir. Ese espazo web, que constitúe a base do proxecto e o soporte contedor de todo o seu microcosmos, ten o nome de "**Tom's backyard**", é dicir, o patio traseiro de Tom, en clara alusión aos patios das casas tradicionais inglesas e irlandesas, onde os nenos medran e desenvolven o seu mundo particular de xogos e aventuras.

A intención de basear todo o proxecto nun neno non é outra que a de facilitar a entrada no coñecemento a través dunha man cercana, próxima, cun rostro amable, que incite a descubrir por imitación. Tratando de romper a barreira do academicismo, e facendo que o descubrimento se asocie a un proceso natural e directo de calquera neno, este personaxe de semi-ficción é quen conducirá ao alumnado hacia os coñecementos asociados a varias materias de varios niveis académicos.

Ao mesmo tempo, o propósito é dotar a TOM de visos de realidade. Non se trataría dun personaxe "enlatado", que propón actividades e dinámicas dende una web. Para dotalo de trazos de realidade, e que por momentos se poida até dubidar da súa existencia real, a maioría dos recursos, materiais, etc. que vaian aparecendo serán tirados da realidade de nenos da mesma idade e similares

situacións: un invernadeiro real feito por nenos reais, una colección de insectos real, una viaxe a Londres real feita por un neno real, etc.

Simultaneamente, e tendo en conta a condición de ilustrador profesional do autor do proxecto, TOM será un neno con especial querencia polo debuxo, e por ilustrar todo o que ve. Esta característica persoal facilitará, por exemplo, que poida crear un caderno de campo con bosquexos nunha saída a una paraxe natural ou a un castro prerromano (tamén reais), ou que debuxe aos membros da súa familia, ou mesmo que realice alguna interpretación persoal dunha obra de Van Gogh.

Aproveitando as vantaxes da navegación web, que permite a interrelación natural entre contidos, entre ámbitos do coñecemento, o proxecto estará cimentado sobre a aprendizaxe interdisciplinar dende o primeiro momento. Por ese motivo as áreas curriculares a traballar serán as mencionadas no epígrafe anterior. A lingua vehicular para todo o proceso será o INGLÉS, precisamente abordando o enfoque AICLE (recomendado nas políticas lingüísticas a nivel europeo), polo que una lingua é un instrumento para chegar a outro tipo de coñecementos. Desta maneira, a través do inglés, chegaremos a aventuras científicas, artísticas, históricas, …

Un elemento de peso no proxecto, que condiciona a presencia de TOM como personaxe condutor, é o das aprendizaxes significativas. O alumnado non aprenderá, por exemplo, nocións da cultura castrexa porque vén imposto nun programa, sen máis, senón porque Tom e a súa familia fan una visita (para elo utilizarase material real dunha visita real) ao Castro de Viladonga, un dos máis representativos e mellor conservados de Galicia. Igualmente, constituirá un punto de interese aproximarse ao mundo microscópico porque Tom, na cociña da súa casa, fai experimentos con elementos da mesma e o seu microscopio (neste caso traballaríase con capturas reais de ordenador de observacións microscópicas reais).

Neste percorrido pedagóxico, un aspecto salientable sería, así mesmo, a mestura e interrelación de medios e soportes. Así como as aprendizaxes virían mesturadas (Ciencia+historia, arte+historia, música+imaxe,etc), polo mesmo motivo se fai necesario que exista una mestura natural entre diferentes soportes: texto, música, son, imaxe estática, imaxe en movemento,…Xorde esta necesidade para dar unha vía ao traballo que fomente o pensamento

asociativo no alumnado, para que aprendan nocións artísticas ou patrimoniais relacionándoas coa historia, que saiban relacionar períodos na historia cos seus productos asociados, e que cheguen a eses coñecementos a través dunha lingua estranxeira. Isto suporía para o profesorado, inevitablemente, a atitude a priori de traballar de maneira multimedia con todo tipo de soportes.

O proxecto aspira a converterse nun espazo de ideas, de propostas didácticas, que facilite ao profesorado a localización de actividades predeseñadas dende todas estas premisas. Pero existe igualmente a intención de suxerir accións formativas co alumnado que vaian máis alá da propia páxina web: actividades extrapolables, suxestión de creación de actividades novas, adaptadas ao alumnado concreto de cada caso, como saídas ao exterior, proxectos científico-históricos, etc. O traballo por proxectos sería unha das bases desta proposta: a localización dun punto de interese, o proceso dunha investigación, e a culminación da mesma cun produto, tratando de que en dito proceso se traballe, na medida do posible, de maneira cooperativa e organizada.

O derradeiro soporte pedagóxico do proxecto estaría relacionado co traballo das competencias básicas. Este enfoque, que non dista da recente teoría das intelixencias múltiples, abordaría ao destinario, o alumno ou alumna, dende un punto de vista individual. A diversidade de materiais, de tipos de recursos, de diferentes niveis de complexidade, de favorecemento do traballo cooperativo, de extensión cara a proxectos externos ao mesmo centro de ensino, e, en definitiva, a flexibilidade da proposta, todo elo conduciría a una mellor atención á diversidade, ás súas capacidades diversas, e aos seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. O destinatario, o rapaz ou rapaza de 3º ciclo de Primaria ou de 1º de ESO, sería o obxectivo último, por encima do programa (que sería un instrumento), e en última instancia o seu desenvolvemento persoal.